



**PLAN DE TRABALLO EN LINGUA GALEGA.  
2º PRIMARIA. CURSO 2024-2025  
PROFESOR/A: EQUIPO DOCENTE DE 2º NIVEL**

**MATERIAIS:**

- Material funxible: cadernos do alumnado, folios, cartolinas, lapis, goma, ceras, rotuladores, bolígrafos...
- Material elaborado: fichas de traballo, flipbook, produtos finais...
- Recursos dixitais: tabletas, ordenadores portátiles, presentacións dixitais, páxinas web, aula virtual...
- Libros de lectura
- Libros de consulta
- Materiais reais: prensa, revistas, folletos, notas...

**PLAN DE TRABALLO:**

Os contidos da área de Lingua Galega e Literatura están organizados ó redor dos seguintes bloques de contidos:

- Bloque 1. As linguas e os seus falantes
- Bloque 2. Comunicación oral
- Bloque 3. Comunicación escrita
- Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional
- Bloque 5. Educación literaria
- Bloque 6. Reflexións sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas a produción e comprensión de textos orais.

Todos eles trabállanse a partir dos materiais indicados, facendo fincapé na consolidación da lectoescritura e na realización dun tratamento integrado das dúas linguas cooficiais. Partindo disto, as sesións secuenciaranse do seguinte xeito:

- Actividades introdutorias e de motivación: para coñecer ideas previas, opinións, erros conceptuais en torno ós contidos que se van traballar, así como espertar o interese e motivar ó alumnado cara a nova aprendizaxe. Farase unha choiva de ideas



e algún reto para captar a súa atención.

- Actividades de desenvolvemento: permiten que o alumnado entre en contacto co novo coñecemento. Aquí terá lugar o groso da unidade estruturándose do seguinte xeito:

1. En primeiro lugar, traballaremos a **comunicación oral** (tanto a comprensión como a expresión). A comprensión oral fomentárase mediante o emprego de vídeos, audios, conversas que implican o desenvolvemento da escoita activa e a súa posterior comprensión. Preténdese que sexan capaces de seleccionar información relevante en diferentes situacións comunicativas.

A expresión oral desenvolverase mediante o uso de diversas dinámicas e xogos que fomenten a comunicación das súas ideas e opinións. Os xogos de rol ou simulación de situacións xogarán un papel fundamental neste eido.

2. Continuarase coa **competencia lectora** (lectura en voz alta e en silencio) poñendo en marcha as diferentes estratexias de comprensión lectora (antes, durante e despois da lectura). A partir deste texto darán resposta a unha serie de preguntas sobre o mesmo, e traballarase a gramática, ortografía e vocabulario correspondente a partir do mesmo. Finalizaremos este bloque sempre cun ditado.
  3. Por último, abordarase a **expresión escrita** traballando o tipoloxía textual que corresponda, partindo de modelos dados ata chegar á produción propia.
- Actividades de consolidación: contrastan as novas ideas coas previas. Normalmente terán carácter de avaliación para comprobar o afianzamento dos novos contidos, apoiándonos en traballos individuais, o xogo como actividade principal ou probas obxectivas.

Durante o desenvolvemento das sesións variarase o tipo de agrupamento en función da actividade a realizar e do obxectivo que se persiga coa mesma (individual, por parellas, por equipos ou en gran grupo).

Deixarase sempre un tempo prudente para a realización das actividade na clase. Se durante o curso, un/unha estudante precisa reforzo en algún aspecto, poderáselle mandar tarefas a maiores, aínda que na Aula virtual, poderán atopar actividades/xogos de reforzo vinculados con contidos traballados.

Toda a planificación e traballo nas linguas estará ambientado nos proxectos que realizaremos dende as áreas de ciencias, favorecendo a interdisciplinariedade á que fai referencia o currículo de primaria, relacionando linguas e ciencias. Así mesmo, aplicarase o enfoque TIL (tratamento integrado das linguas), xa que ambas linguas cooficiais comparten contidos, e así evitamos sobrepoñelos e repetilos.

Ademais todos os días contaremos con 20 minutos de lectura diaria (PLSS) despois do



recreo, que consiste nunha lectura silenciosa e non dirixida, co obxecto de mellorar o comportamento lector e crear un hábito de lectura, facéndoos responsables na elección de textos por medio da auto selección de libros.





## CONTIDOS POR TRIMESTRE:

Os bloques de contidos desta área, citados no apartado anterior, son globais e trabállanse de xeito gradual nos tres trimestres, podendo haber variacións en función do ritmo e necesidades do alumnado.

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<p>- <b>Comunicación oral</b> (expresión e comprensión oral)</p> <p>- <b>Comprensión lectora</b> con textos de diversa índole (folletos turísticos, textos expositivos, informativos...). Lectura colectiva e individual.</p> <p>- <b>Expresión escrita:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escritura de oracións.</li> <li>• O cómic.</li> <li>• Texto descritivo.</li> </ul> <p>- Gramática:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Linguas que falamos.</li> <li>• Abecedario (letras, sílabas e palabras)</li> <li>• Substantivos e ditado.</li> </ul> <p>- Ortografía:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• ca, que, qui, co, cu</li> <li>• za, ce, ci, zo, zu</li> <li>• Uso maiúsculas.</li> <li>• Signos de puntuación (¿? ¡!)</li> </ul>	<p>- <b>Comunicación oral</b> (expresión e comprensión oral)</p> <p>- <b>Comprensión lectora</b> con textos de diversa índole (folletos turísticos, textos expositivos, informativos...). Lectura colectiva e individual.</p> <p>- <b>Expresión escrita:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Texto instrutivo.</li> <li>• A noticia.</li> </ul> <p>- Gramática:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Adxectivos.</li> <li>• Determinantes (artigos).</li> <li>• Verbo.</li> </ul> <p>- Ortografía:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• g, gu, gü</li> <li>• mp e mb</li> <li>• r e rr</li> <li>• Sílabas trabadas (br, cr, cl, cr...)</li> </ul>	<p>- <b>Comunicación oral</b> (expresión e comprensión oral)</p> <p>- <b>Comprensión lectora</b> con textos de diversa índole (folletos turísticos, textos expositivos, informativos...). Lectura colectiva e individual.</p> <p>- <b>Expresión escrita:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Texto narrativo (o conto).</li> <li>• Texto lírico (o poema)</li> </ul> <p>- Gramática:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pronomes persoais.</li> <li>• Oracións e clases.</li> <li>• Suxeito e predicado.</li> </ul> <p>- Ortografía:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Repaso e consolidación do traballado nos anteriores trimestres.</li> </ul>



## CONTIDOS COMÚNS AOS TRES TRIMESTRES

Consolidación progresiva da lectoescritura.

Enriquecemento progresivo do vocabulario.

Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos.

Uso da linguaxe non discriminatoria.

### **MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA**

Ao final de curso, o alumando deberá ter adquiridos os seguintes mínimos de consecución para a superación da materia.

- escoitar de maneira activa textos orais e multimodais axeitados á súa idade, extraer a súa idea principal e responder preguntas sobre estes.
- Elaborar textos orais multimodais, con claridade e cunha cohesión básica, cunha boa pronunciación e empregando vocabulario axeitado á súa idade.
- Ler en silencio e en voz alta, sen dificultade e con fluidez e entoación, textos multimodais axeitados a súa idade.
- Comprender textos escritos multimodais dados, identificando a tipoloxía textual e a idea principal destes, e respondendo a preguntas de comprensión sobre os mesmos.
- Elaborar textos escritos e multimodais (dous parágrafos con varias oracións compostas) cunha coherencia e cohesión básicas, respectando as normas gramaticais e ortográficas propias do nivel e con limpeza e caligrafía clara.
- Realizar tarefas con autonomía.

